

❖ **Mt 11, 25-27:** *Naquel tempo dixo Xesús:*

*--Bendito sexas, meu Pai, Señor do ceo e máis da terra, porque lles escondiches estas cousas aos sabios e aos prudentes e lles revelaches á xente humilde.*

*Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así. Meu Pai ensinoume todas as cousas, e ninguén coñece ao fillo agás o Pai, nin coñece ninguén ao Pai agás o Fillo e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.*

❖ **Lc 21, 3:** *Asegúrovos unha cousa: esta pobre viúva botou máis ca todos. Porque todos estes botaron do que lles sobrava, pero ela na súa pobreza botou canto tiña para vivir.*


❖ **Lc 7, 44-47:** *Xesús, volvéndose cara á muller (coñecida na vila como pecadora), díxolle a Simón:*

*--¿Ti ves esta muller? Entrei na túa casa e non me deches auga para os pés, pero ela regoumos coas súas bágoas e secoumos cos seus cabelos. Non me deches o bico, pero ela dende que entrou non parou de me bicar os pés. Non me unxiches a cabeza con aceite, pera ela unxiume os pés con perfume. Por iso dígoche: moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor; a quen pouco se lle perdoa, pouco amor mostra.*



DELEGACIÓN DE PASTORAL RURAL. CURSO 2020-2021

**OBXECTIVO III: DEIXARNOS EVANXELIZAR  
POLA XENTE POBRE DAS NOSAS ALDEAS**



“Para a Igrexa a opción polos pobres é unha categoría teolóxica antes ca cultural, sociolóxica, política e filosófica. Deus outórgalles “a súa primeira misericordia”. Esta preferencia divina ten consecuencias nas vidas de fe de todos os cristiáns, chamados a ter “os mesmos sentimentos de Xesucristo” (Flp 2,5).

Inspirada nela, a Igrexa ten feito unha *opción polos pobres* entendida como unha “forma especial de primacía no exercicio da caridade cristiá, da que dá testemuño toda a tradición da Igrexa.”. Esta opción –ensinaba Benedicto XVI—“está implícita na fe cristolóxica naquel Deus que se fixo pobre por nós, para enriquecernos coa súa pobreza”.

Por iso quero unha Igrexa pobre para os pobres. Eles teñen moito que nos aprender. Ademais de participar do *sensus fidei*, nas súas propias dores coñecen a Cristo sufrinte. É necesario que todos nos deixemos evanxelizados por eles. A nova evanxelización é unha invitación a recoñecer a forza salvífica das súas vidas e a poñelos no centro do camiño da Igrexa. Estamos chamados a descubrir a Cristo neles, a prestarlles a nosa voz nas súas causas, pero tamén a ser os seus amigos, a escoitalos, a interpretaralos e a recoller a misteriosa sabedoría que Deus quere comunicarnos a través deles”. (E.G. 198)

## Recollida de testemuños de tenrura, dor e éxito

Desexando, logo, deixarnos evanxelizar pola xente pobre das nosas parroquias de aldea especialmente, propoñémonos un obxectivo para este ano, que se podería alongar nos anos seguintes:

recoller testemuños de homes e mulleres de aldea no eido da tenrura, da dor e do triunfo cunha ollada evanxélica.

**A tenrura:** prácticas de solicitude e coidados coa xente, sobre todo coa máis débil, coa creación, coa natureza, con todo.

**A dor:** experiencias de traballos, penalidades, enfermidades, ausencias, sufridas con certa exemplaridade humana e cristiá.

**O triunfo:** satisfaccións pascuais de ter conseguido algo desde o esforzo honesto a nivel persoal, familiar, veciñal.

Breves testemuños escritos (1-2 páxinas) ou en vídeo (3-5 minutos), destinados a ser compartidos nos diferentes medios diocesanos de comunicación e a ser celebrados en comunidade nalgún momento oportuno.



## Pasos a dar

--*Facer un recorrido pola veciñanza das nosas parroquias.*

Pensar en cada home ou muller, mozo ou moza, neno ou nena que as habitan. Facelo con ollada evanxélica. Moitas veces Xesús descubría marabillas onde outros non vían nada ou mesmo vían maldades. Ver se algunha persoa ou grupo ten unha experiencia intensa, aínda que humilde, nalgún dos eidos anteditos.

--*Visitar esa persoa ou grupo.*

Visítala para falar do tema, invítala a contar o vivido para proveito doutra xente. Se accede, concretar maneira de facelo (escrito, vídeo). En calquera caso, facilitarlle a forma de expresalo. Pode ser algo dito ou escrito simplemente por el, pódese acompañar con algunha pregunta, a xeito de entrevista. Para iso é bo preparar un pequeno guión que facilite o traballo. Procurar ir algo ao fondo da vivencia. Que consinta en que o seu testemuño sexa compartido.

--*Recoller e ordenar o testemuño.*

Ben sexa por escrito ou en vídeo, supervisalo coa persoa interesada para que dea a súa aprobación. E remítalo, logo, a este correo electrónico:

delpasrural@gmail.com. Tf. 669607576.

Cando se publique, facerllo chegar ás persoas concretas.

